

xullo de 2008, é necesario facer a seguinte corrección:

Na páxina 14.420, onde di: «8. Lei 50/1997, do 27 de novembro, de organización, competencia e funcionamento do Goberno: títulos I a V», debe dicir: «8. Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno: títulos I a V».

Corrección de erros.-Orde do 18 de xullo de 2008 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Xunta de Galicia, subgrupo A2.

Advertido erro na orde antes citada, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 144, do 28 de xullo de 2008, é necesario facer a seguinte corrección:

Na páxina 14.431, onde di: «8. Lei 50/1997, do 27 de novembro, de organización, competencia e funcionamento do Goberno: títulos I ao V.», debe dicir: «8. Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno: títulos I ao V».

Corrección de erros.-Orde do 18 de xullo de 2008 pola que se convoca proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1.

Advertidos erros na orde antes citada, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 144, do 28 de xullo de 2008, é necesario facer as seguintes correccións:

Na páxina 14.442, onde di: «7. Lei 50/1997, do 27 de novembro, de organización, competencia e funcionamento do Goberno: títulos I a V», debe dicir: «7. Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno: títulos I a V».

Corrección de erros.-Orde do 18 de xullo de 2008 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1.

Advertidos erros na orde antes citada, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 144, do 28 de xullo de 2008, é necesario facer as seguintes correccións:

Na páxina 14.450, onde di: «7. Lei 50/1997, do 27 de novembro, de organización, competencia e funcionamento do Goberno: títulos I a V», debe dicir: «7. Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno: títulos I a V».

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 27 de xullo de 2009 pola que se nomean funcionarios en prácticas do corpo de mestres os opositores seleccionados no procedemento selectivo convocado pola Orde do 8 de maio de 2009 (Diario Oficial de Galicia do 11 de maio) para ocupar vacantes dotadas orzamentariamente.

Pola Orde do 8 de maio de 2009 (DOG do 11 de maio) convocouse procedemento selectivo de acceso ao corpo de mestres, así como o procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira do corpo de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sen prexuízo do establecido na base décimo segunda, puntos 1 e 4, da Orde do 8 de maio de 2009 (DOG do 11 de maio), tendo en conta as necesidades do servizo e de conformidade co disposto na base décimo cuarta da citada orde, os aspirantes que resultaron seleccionados deben realizar un período de prácticas que formará parte do proceso selectivo e terá por obxecto a valoración da súa aptitude para a docencia.

Existindo vacantes dotadas orzamentariamente, procede nomear funcionarios en prácticas os opositores que foron destinados a aquelas.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Nomear funcionarios en prácticas do corpo de mestres os aspirantes que se relacionan no anexo I da Orde do 24 de xullo de 2009 pola que se fai pública a lista dos opositores seleccionados no proceso selectivo convocado pola Orde do 8 de maio de 2009 (DOG do 11 de maio) para ingreso no corpo de mestres.

Segundo.-Nomear funcionarias en prácticas do corpo de mestres as aspirantes M^a Mercedes Toscano Liria, seleccionada no procedemento selectivo de 2008 que tiña concedido o aprazamento da fase de prácticas, e Matilde Requejo Castaño, seleccionada no procedemento selectivo de 2008 e que non realizou a fase de prácticas.

Terceiro.-O nomeamento como funcionario en prácticas producirá efectos económicos e administrativos desde a súa toma de posesión.

Cuarto.-O réxime retributivo dos funcionarios en prácticas será o establecido no Real decreto 456/1986, do 10 de febreiro (BOE do 6 de marzo), modificado polo Real decreto 213/2003, do 21 de febreiro (BOE do 1 de marzo), polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

Quinto.-Os funcionarios en prácticas que xa estean prestando servizos remunerados na Adminis-

tración como funcionarios de carreira ou interinos, contratados administrativos ou como persoal laboral, sen prexuízo da situación administrativa ou laboral que de acordo coa normativa vixente lles corresponda, deberán formular opción para a percepción das remuneracións mentres persista a súa condición de funcionario en práctica, de conformidade co disposto no Real decreto 456/1986, do 10 de febreiro (BOE do 6 de marzo), modificado polo Real decreto 213/2003, do 21 de febreiro (BOE do 1 marzo).

Sexto.-De conformidade co establecido no número 13.5º da orde de convocatoria, presúmese que o profesorado interino que percibe trienios e resulta nomeado funcionario en prácticas dun corpo do mesmo grupo en que prestaba servizos, opta pola remuneración das retribucións correspondentes a funcionario interino, sen prexuízo da súa inclusión no réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios públicos.

Sétimo.-A Secretaría Xeral adoptará todas as medidas e ditará as instrucións que coide oportunas para o desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DA CORUÑA

*Cédula de notificación de sentenza
(300/2009).*

Eu, María Jesús Hernando Arenas, secretaria xudicial do Xulgado do Social número dous da Coruña, dou fe e testemuño:

En autos seguidos perante este xulgado do social, tramitados baixo o número 300/2009 por instancia de Estrella Castro Fondo e Yessica Fernández Castro contra a empresa *Cunicultura Gallega, S.L.* sobre despedimento, ditouse a seguinte sentenza:

Na cidade da Coruña, 23 de xullo de 2009.

Beatriz Seijo Dopico, maxistrada xuíza do Social número dous desta cidade, viu os presentes autos de xuízo número 300/2009, seguidos por instancia de Estrella Castro Fondo e Yessica Fernández Castro, maiores de idade, representadas e asistidas polo letrado sr. Nogueira Esmorís, contra a empresa *Cunicultura Gallega, S.L.* que non compareceu nos autos, sendo o obxecto da reclamación despedimento.

Seguen feitos e fundamentos de dereito.

Decido que debo estimar e estimo a demanda interposta por Estrella Castro Fondo e Yessica Fernández Castro contra a empresa *Cunicultura Gallega, S.L.*, condenando a demandada a lles aboar ás demandantes as seguintes cantidades:

Fernández Castro:

Indemnización: 10.792,95 € (285 días×37,87 €/día).

Salarios: 4.052,09 € (28-2-2009 - 15-6-2009).

Castro Fondo:

Indemnización: 12.038,92 € (322,5 días×37,33 €/día).

Salarios: 3.994,31 € (28-2-2009 - 15-6-2009).

Notifíquelles esta resolución ás partes, ás que se lles fará saber que contra ela só cabe recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que se deberá anunciar ante este xulgado no prazo de cinco días contado a partir da notificación desta sentenza e, no propio termo, se o recorrente non goza do beneficio da xustiza gratuíta deberá, co anuncio, entregar o xustificante acreditativo de consignación da cantidade obxecto da condena na conta de depósitos e consignacións que este xulgado ten aberta no *Banesto* desta cidade, co número de conta 0030-6349-0000-1532-65-300/09.

E así mesmo deberá, no momento de interpor o recurso, consignar a cantidade de 150,25 euros en concepto de depósito na conta 0030-6349-0000-1532-65-300/09.

Así, por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo.

E para que sirva de notificación á empresa *Cunicultura Gallega, S.L.*, que ten o seu enderezo descoñecido, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e coa advertencia de que as seguintes notificacións se farán nos estrados do xulgado, agás as que sexan emprazamentos, autos e sentenzas, expido e asino esta cédula de notificación na Coruña o 23 de xullo de 2009.

María Jesús Hernando Arenas
Secretaria xudicial

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO CATRO DA CORUÑA

*Cédula de notificación de sentenza
(492/2008).*

Mª del Mar Barral Pérez, secretaria do Xulgado do Social número catro da Coruña, fai saber que no procedemento de demanda 492/2008 deste xulgado do social, seguido por instancia de Sergio Domingo Moreira Duarte contra a empresa *Edificaciones Ori-*